




XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE

Estratexia Galega de Saúde 2030

Construíndo a nosa saúde





EGS 2030



Folla de ruta para guiar as políticas de:

- Prevención de riscos sanitarios e promoción da saúde.
- Prestación de asistencia sanitaria.
- Docencia e formación.
- Investigación e innovación sanitarias.

Horizonte 2030



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE

Unha Estratexia estruturada
en **5 dimensións** e
20 programas
que enmarcan as liñas
de actuación

que debuxan un novo
modelo de saúde.






Modelo de Xestión e Seguimento

Comité de Dirección da EGS2030.

Informe Anual de avaliación e seguimento



Directrices que deberán executar os diferentes órganos directivos para acadar os obxectivos establecidos.

*Enmarcado no compromiso da Xunta de Galicia coa transparencia e a rendición de contas.



Informe Anual 2024

Punto de partida inicial da avaliación:

- Resultados da fase de **análise de situación**.
- Identificación de **indicadores** dos 5 obxectivos estratéxicos.
- Establecemento de **estándares** a alcanzar no horizonte 2030.

OBXECTIVO

Iniciar unha monitorización continua e unha **avaliación rigorosa do avance da Estratexia**, achegando unha visión clara e obxectiva dos resultados obtidos.



5 obxectivos estratéxicos

1

Mellorar o **benestar e satisfacción da cidadanía** desde unha perspectiva biopsicosocial baixo un marco de bo goberno.

2

Garantir a **acesibilidade, eficiencia e calidade** dos servizos sanitarios.

3

Impulsar un modelo de atención integral baseado na **prevención e a proactividade**.

4

Velar polo coidado e motivación dos **profesionais**.

5

Construír un **ecosistema de innovación** virtuoso no sector da saúde.





Modelo de Xestión e Seguimento

Informe anual 2024

10 Indicadores clave

- Pertinentes
- Relevantes
- Unívocos
- Fontes de datos oficiais e públicas

Estudo

A

Enfoque colaborativo:
Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia
(CITMAGA)

B

Sistemas de Información internos e externos

C

Análise científica, rigorosa e fundamentada

D

Series históricas amplas de fontes fiables e públicas

E

Análises predictivas e obxectivos a alcanzar



Indicadores

OE1

MELLORAR O **BENESTAR E A SATISFACCIÓN DA CIDADANÍA** DESDE UNHA PERSPECTIVA BIOPSICOSOCIAL BAIXO UN MARCO DE BO GOBERNO.

- IE1.1 Satisfacción cidadá co funcionamento do sistema sanitario.
- IE1.2 Saúde autopercebida. Porcentaxe de poboación con valoración positiva do seu estado de saúde.

OE2

GARANTIR A **ACCESIBILIDADE, EFICIENCIA E CALIDADE** DOS SERVIZOS SANITARIOS.

- IE2.1 Tempo medio de espera para unha primeira consulta de Atención Especializada.
- IE2.2 Reingresos. Porcentaxe global de reingresos en hospitais de agudos.

OE3

IMPULSAR UN MODELO DE ATENCIÓN INTEGRAL BASEADO NA **PREVENCIÓN E A PROACTIVIDADE**.

- IE3.1 Taxa de participación en programas de vacinación da gripe.
- IE3.2 Cobertura de invitación do Programa Galego de Detección Precoz de Cancro de Cérvix.

OE4

VELAR POLO COIDADO E A MOTIVACIÓN DOS **PROFESIONAIS**.

- IE4.1 Porcentaxe de ausencias por incapacidade temporal por problemas relacionados con fatiga física e emocional.
- IE4.2 Percepción do apoio organizativo para a cohesión, formación e motivación do equipo.

OE5

CONSTRUÍR UN **ECOSISTEMA DE INNOVACIÓN** VIRTUOSO NO SECTOR SAÚDE.

- IE5.1 Investimento orzado en programas de Compra Pública Innovadora (CPI) no ámbito da saúde.
- IE5.2 Fondos captados en programas marco da Unión Europea en proxectos de I+D+i sanitario.

OE1

MELLORAR O BENESTAR E A SATISFACCIÓN DA CIDADANÍA DESDE UNHA PERSPECTIVA BIOPSICOSOCIAL BAIXO UN MARCO DE BO GOBERNO.

IE1.1

Satisfacción cidadá co sistema sanitario

Fonte: Barómetro Sanitario SNS

	2023
Galicia	58,20 %
Media Nacional	56,70 %

En 2023 un **58,2% da poboación** galega manifestábase **satisfeita ou moi satisfeita**.

Na escala de 1 (-) a 10 (+), o nivel de satisfacción da poboación de Galicia respecto a o seu sistema de saúde era de **6,25** en 2023.


As actuacións previstas na Estratexia esperan poder asentarse un valor estable **mínimo de 7** no horizonte 2030.

IE1.2

Saúde autopercibida

Fonte: Enquisa Nacional de Saúde de España

O último valor da enquisa realizada polo ministerio amosa o máximo valor da serie histórica cun **70%** da poboación galega que percibe a súa saúde como "boa" ou "moi boa".



Evolución da porcentaxe de persoas, na Comunidade Autónoma de Galicia, que autoperciben o seu estado de saúde como boa ou moi boa.

Estándar a alcanzar en 2030: **>70%** da poboación galega considere a súa saúde boa / moi boa.


OE2

GARANTIR A ACCESIBILIDADE, EFICIENCIA E CALIDADE DOS SERVIZOS SANITARIOS.

IE2.1

Tempo de espera para primeira consulta en atención especializada

Fonte: Indicadores Clave del sistema nacional de salud (Inclasns)



Con respecto ao sistema sanitario nacional, en 2023 o sistema sanitario público galego sitúase entre as cinco comunidades autónomas con menor lista de espera (28 menos que a media española).

Establécese como obxectivo manter á sanidade galega entre as **cinco comunidades con menor espera** para atención especializada.

IE2.2

Reingresos

Fonte: Indicadores Clave del sistema nacional de salud (Inclasns)

Este indicador mide a proporción de casos nos que, tras a alta médica dun ingreso hospitalario, prodúcese un reingreso inesperado e urgente do mesmo paciente dentro dos 30 días posteriores á alta.

O obxectivo ou estándar a alcanzar será situar a taxa de reingresos **por baixo do 9%** en 2027 e por **baixo do 8,5%** en 2030.

	2027	2030
Taxa reingresos	<9%	<8,5%




OE3

IMPULSAR UN MODELO DE ATENCIÓN INTEGRAL BASEADO NA **PREVENCIÓN E A PROACTIVIDADE**.

IE3.1

Taxa de participación en programas de vacinación da gripe

Fonte: Observatorio de Saúde Pública de Galicia.



A sanidade galega conseguiu acadar altas taxas de cobertura nos últimos anos, de acordo coa recomendación da OMS de ter un valor do **75% de cobertura en maiores de 65 anos**.

Como obxectivo para 2030 espérase superar ese valor, consolidando á nosa comunidade como referente en saúde preventiva.

IE3.2

Cobertura de invitación do Programa Galego de Detección Precoz de Cancro de Cérvix.

Fonte: Observatorio de saúde Pública de Galicia.

O indicador de cobertura de invitación do Programa Galego de Detección Precoz do Cancro de Cérvix establécese como a porcentaxe de poboación elixible convidada de maneira efectiva a participar neste cribado.

Desde o seu inicio como pilotaxe en 2021 ata o 5 de novembro do ano 2024, o programa convidou a participar a 224.332 mulleres, o que supón unha cobertura de invitación do 38%.

No horizonte do 2030, o **obxectivo é alcanzar unha cobertura de invitación igual ou superior ao 98%**.


OE4

VELAR POLO COIDADO E A MOTIVACIÓN DOS PROFESIONAIS.

IE4.1

Estado de saúde dos/as profesionais

Fonte: XesIT Galicia (Sistema de xestión da incapacidade temporal).



O obxectivo para 2030 é **reducir un 2%** as ausencias por incapacidade temporal por problemas relacionados con **fatiga física e emocional** nos traballadores do SERGAS con respecto á poboación xeral.

IE4.2

Percepción do apoio organizativo para a cohesión, formación e motivación do equipo

Fonte: ENQUISA BENESTAR Dirección xeral de RRHH.

Mediante este indicador quérese avaliar o grao de satisfacción e motivación dos profesionais do Sergas, considerando o apoio que reciben por parte da organización en temas formativos e de desenvolvemento profesional.

A enquisa Benestar estivo activa desde o 15/11/2022 ata o 31/01/2023. O resultado amosou que o **76,92%** dos profesionais percibe este apoio "sempre", "A maior parte das veces" ou "Algunhas veces".

O obxectivo é a mellora progresiva dos resultados nas sucesivas enquisas proxectadas nos anos 2027 e 2030.

OE5

CONSTRUÍR UN ECOSISTEMA DE INNOVACIÓN VIRTUOSO NO SECTOR SAÚDE.

IE5.1

Investimento en programas de Compra Pública Innovadora en saúde

Fonte: ACIS

Os datos deste indicador corresponden ao investimento orzado en CPI durante o período 2011-2025 e foron proporcionados pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS).

Galicia leva anos consolidándose como una comunidade pioneira con programas plurianuais de fondos europeos como Hospital 2050, Código 100, InnovaMicrolab, Innovatrial...


Estes proxectos supuxeron un investimento promedio de **2M€ anuais**, cantidade que se establece como obxectivo manter ata o ano 2030.

IE5.2

Fondos captados para proxectos de I+D en convocatorias europeas

Fonte: ACIS

Galicia sitúase entre as seis primeiras do Estado por volume de fondos captados dos programas marco da UE para investigación sanitaria.



O ecosistema de I+D+i en saúde de Galicia (con tres institutos de investigación sanitaria acreditados e unha rede de 10 centros de investigación de excelencia) espera incrementar os 6,2M€ en fondos captados ata os **7M€ para o ano 2030**.



IANUS 5

Transformación Dixital da Sanidade Galega

IANUS 5 evoluciona o sistema de Historia Clínica Electrónica (HCE) de Galicia para unha atención máis eficiente, personalizada e preventiva.

→ Máis que unha actualización, un cambio de modelo:

- ✓ Baseado en intelixencia artificial (IA) e Big Data.
- ✓ Sitúa ao paciente no centro do sistema sanitario.
- ✓ Da soporte á integración e coordinación entre profesionais e niveis asistenciais.

IANUS 5 lidera a transformación dixital da sanidade galega, mellorando a **eficiencia**, a **accesibilidade** e a **calidade asistencial**.

PROXECTO XENOMA

→ Un proxecto pioneiro en España para avanzar no **coñecemento das enfermidades** mediante a recompilación de datos clínicos, mostras biolóxicas e datos xenéticos.

Obxectivo

Recollel mostras de ADN de 400.000 galegos/as (15% da poboación) nun prazo de 5 anos para mellorar o **diagnóstico** e a **prevención** de enfermidades.

Cribado xenético en participantes para identificar risco en:

- ✓ Cancro de mama e ovario hereditario.
- ✓ Síndrome de Lynch.
- ✓ Hipercolesterolemia familiar.

{ Permitirá mellorar o acceso ás probas xenéticas e avanzar na medicina personalizada. }



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE

Debuxando un
novo modelo de
saúde.



